


## Nomes

[ Lois Diéguez Vázquez ]



Cando a conciencia sobre a nosa personalidade é orgullo; sobre a diferenza, riqueza (o negro a se descompoñer en fermosas cores); sobre o **propio** nun sentido amplo, encanto ou paraíso; e sobre o alleo, coñecemento e contraste...; cando isto é así podemos, con efecto, mover as montañas máis enormes que nos cerren a mirada. Ser galego ou galega, hoxe, custa máis que hai uns anos: desgustos, amarguras, guerra aberta para poder exercer arreo como tais. E non nos referimos só ao emprego do noso idioma; referímonos tamén á defensa de calquera dos dereitos económicos, culturais, políticos ou sociais que a esta nación avellentada se lle seguen a negar. O idioma está encaixado en todo isto do mesmo xeito que o ar envolve os nosos movementos. Sen el, calquera dos outros aspectos vitais quedaría inevitabelmente adormecido ou morto.

Hai un dato, ao noso entender, que nos entrega, nunha análise realmente científica (**análise**, que fermosa palabra perdida xa fronte á pobreza moralizante da que nos trouxeron as ideoloxías dominantes hoxe: reflexión), o baremo de como vai a consciencia na expresión máis rica e íntima do noso verbo. Referímonos

aos nomes ou apelidos galegos. Aínda non nos sometemos ao imperio que nos impuxo *Jacobo* ou *Tojeiro*, ou *Blas* ou *Del Val*. No canto diso, no seu día restablecemos *Xacobe*, *Toxeira*, *Brais* ou *Do Val*. E puxemos *Arteixo* e *O Grove* nos rótulos. Lóxico, non si? Pode un-unha, falar galego sempre, definirse como galego ou galega practicante, reclamar en cada respiro o dereito roubado do noso ser, e seguir chamándose *José* ou *Villarino* sen ningún tipo de rubor? Vai o amigo, inimigo ou adversario, admitir tal contradición sen crítica? Pode un ou unha adormecer no rolo depositado hai tantos anos pola política da asimilación? Pensamos que non. E aínda así, moitos galegos e galegas de consciencia e sentimento, seguen a ter esa grandísima contradición a pesar de que a lei, despois de loita obstinada, aceptou a reposición da anomalía. A incoherencia é, no fondo, falta de consciencia? Ou teremos que admitir que os rabuñazos da colonización son tan profundos que nos teñen vacinado contra a nosa propia rebeldía? Daquela, pode ter futuro propio un país que se obstina na súa propia negación?

## Como en Irlanda, érguete e anda!

[ Xosé Ramón Ermida Meilán ]



O 13 de decembro de 2007 os Xefes de Estado ou de Goberno dos 27 estados membros da Unión Europea, reunidos no Pazo dos Xerónimos de Lisboa, acordaron retomar a Constitución Europea, derrotada polos resultados dos referendos en Francia e Holanda, vestíndoa de Tratado a fin de garantir a súa entrada en vigor antes das eleccións ao Parlamento Europeo. Valéry Giscard d'Estaing, pai do Tratado Constitucional, non pode ser máis explícito á hora de valorar o que comunmente coñecemos como Tratado de Lisboa, chegando a afirmar que "os gobernos europeos puxéronse de acordo sobre mudanzas cosméticas na Constitución, para que ela sexa máis fácil de dixerir".

As precaucións que adoptaron os mandatarios da Unión para que o texto saíse adiante limitou a participación popular ao caso de Irlanda, que os "eurobobos" nos venderan durante unha mancha de anos como modelo de desenvolvemento a seguir sen explicarnos o seu papel como cabeza de ponte do capital estadounidense. Transcorridos un ano e un mes da sinatura do Tratado, cando 18 Estados membros de Europa tiñan procedido a súa ratificación pola vía do lexislativo, o pobo irlandés, co seu voto negativo, mandou unha mensaxe clara da necesidade dun novo rumbo para o continente.

A CEE primeiro e a UE despois construíronse mediante acordos entre Estados, polo que resulta *lóxico* que o "Tratado de Lisboa" só recoñeza a estes como suxeitos de dereitos políticos, negándolle os mesmos ás nacións que carecen de aparello de estado. Así o "Tratado de Lisboa", esixe o respecto á "integridade territorial" de cada Estado, polo que a plasmación práctica do dereito de autodeterminación queda impedido. Esta postura ten antecedentes no Informe Napolitano no cal se escribe: "Inaceptábel sería a pretensión de que se recoñecese o dereito de autodeterminación dos pobos

para aqueles entes territoriais da Unión Europea nos que os cidadáns teñan un sentimento forte e compartillado de identidade nacional, lingüística e rexional".

A única forza parlamentaria con presenza no Parlamento de Dublín que fixo campaña polo non foi o Sinn Fein. A europropaganda está a tratar de vendernos o non irlandés como unha sorte de conxura entre a igrexa católica, cando o episcopado irlandés pediu o si, e fraccións do grande capital; abonda con botarlle unha ollada a rede para ver que o centro do debate social situouse na defensa da reunificación territorial de Irlanda e a denuncia do deterioro das condicións laborais. Os 862.415 irlandeses que optaron polo non, isto é, o 53,4% do 51% de cidadáns que acudiron a votar, proceden fundamentalmente da Irlanda rural e mariñeira así como dos asalariados das grandes factorías.

As reaccións dos dirixentes europeos de que o Tratado de Lisboa debe continuar adiante non nos estrañan, a pesar de que abondaba con que un Estado non o ratificase para paralizar o proceso, xa sabemos que na súa peculiar visión da democracia os xerarcas europeos non teñen o menor pudor en mudar as regras no medio da partida para gañala. No fondo, detrás desta concepción, atópanse as profundas sospeitas cara a democracia que alberga as posicións neoliberais, democracia e capitalismo, por máis que nos digan, son realidades antitéticas.

As Cortes Xerais do Estado terán que proceder a ratificar en breve o Tratado de Lisboa, o non dos nacionalistas galegos no lexislativo estatal contribuirá a pór a economía ao servizo das maiorías sociais, a atopar un encadre no continente ás nacións sen estado, a artellar estratexias que contribúan a construír un mundo multipolar, a esperar esperanzas. Si, Galiza, como en Irlanda érguete e anda!